

SESIÓN: LUNS 11 DE MAIO, 2020

L. GALEGA

4º DE ED. PRIMARIA

Bos días, nenos/nenas:

Que tal? Estadese preparados?

Teño que contarvos algo que sucedeu onte pola noite, na miña casa. Estaba xa, na cama, cando de súpeto, oín uns ruídos moi estraños... Entón, lembreime que a miña avoa contábame historias de trasnos...

Sabedes o que son?



Os trasnos son nomes dados a certos espíritos nocturnos imaxinarios que se supón que viven ou aparecen nas casas, producindo ruído e inquietando as persoas que alí viven. Fan “trasnadas”, bromas ou cousas sen importancia.

Pero... sabedes que? Que o trasno que visitou a miña casa era “O trasno das palabras”. Trasnado das palabras? Mirade todo o que fixo cos vosos traballos: desapareceron letras...

Axudádesme...? Menos mal que nos deixou algunhas pistas...

O trasno das palabras...

1. Tes que completar coas letras que se mostran nos recadros. Soamente tes que escribir as palabras que completas.

Z/ C/ Q

G ou GU

- No __araxe entraron unhas formi__as en rin__leira que viñan dun formi__eiro do xardín.
- Antes de marchar, __erra as fiestras e __omproba que apa__aches as lu__es.
- O __uarto chan__o das es__aleiras ten unha pe__ena ras__adura na madeira.

2. Que letra falta?

R

RR

- Un __atiño pasou
co__endo po__ en__iba
da va__anda.

Z/ C/ Q

- A__ela ma__eira
da horta deunos pou__o
máis dun __anastro
de ma__ás este ano.

3. Se Antón Cortizas, escritor e veciño do noso barrio de Canido sabe que “O trasno das palabras” fixo desaparecer letras do seu poema... Non sei, non sei... Menos mal que o trasno, deixounos unha pista: é a mesma letra en todas as palabras.



Ha__ía unha mestra aló en Monforte
de moita sa__enza e elegante porte,
e tanto sa__ía que non lle ca__ía
na súa ca__beza a sa__edoría
por iso a garda__a nunha caixa forte.

**Na túa libreta só tes que escribir as palabras que completaches.*